# FUNDAMENTO DA RESPONSABILIDADE



CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS NAS ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN FÍSICA

CRF PONTEVEDRA

FEBREIRO DE 2016

NÉSTOR VALCÁRCEL TEIJEIRO

# ORIXE DO TERMO DE RESPONSABILIDADE



# ORIXE NO LATÍN

- *En latín clásico non existe "Responsabilitas"*
- *Úsase "Respondeo", da raíz "Spondeo"*
- *De aí: Esposos, esponsales, responder*
- *Spondeo: compromiso público e solemne*
- *Ligado ao que se comprometeu*
- *Respondeo: non significa responder, senón cumprir o compromiso público e solemne*



# LINGUAS ROMANCES S. XVII

- *Cumprir aquilo ao que se está obrigado*
- *Ben por contrato, por orde ou por lei*
- *Responsable por actuar como debía facer*
- *Sentido xurídico aínda actual*
- *1754: primeira mención en español dun relato de gobernantes do Vicerrei do Perú*



# A ÉTICA DO SÉCULO XX



# SÉCULO XX

- Século XVII: Dúas ramas filosóficas: racionalismo e empirismo
- Século XX: Aparentemente moitas ramas
- Moitas teorías éticas no século XX
- Fío condutor: idea de responsabilidade
- Pódese sistematizar a ética do século XX en torno ao concepto de responsabilidade

# ÉTICA DO SÉCULO XX

- *Foi un século primordialmente moral?*
- *Ética docens e ética utens*
- *Na práctica do século XX brillou a moral ou brillou pola súa ausencia?*
- *Trata do deber-ser, non do ser (ontoloxía)*
- *A responsabilidade é o gran tema da ética docens porque brillou pola súa ausencia*



# PRINCIPIO BÁSICO

- *O ser humano é responsable dos seus actos*
- *Cada un ten que determinar os seus deberes*
- *Os deberes non van vir marcados exclusivamente por normas establecidas polos demais*
- *É cada un en cada situación o que vai ter que ser responsable da decisión que tome.*
- *Éticas autónomas vs éticas heterónomas*



# ÉTICAS HETERÓNOMAS

- *Éticas nas que se considera que o deber vén marcado desde fóra e o suxeito debe cumprir co deber*
- *O suxeito non é responsable da norma*
- *O suxeito é só responsable da acción*
- *Se a acción é contraria á norma será responsable coas consecuencias xurídicas ou morais correspondentes*



# A CRISE DA RAZÓN

- *Fenómeno do Século XIX*
- *Crise do Principio da Razón:*
- *O ser humano pode establecer principios absolutos de calquera cousa*
- *Kant, Epílogo da razón práctica*



# A RAZÓN PURA

- *O que quixo facer en ética é o mesmo que Newton en física*
- *Newton atopou un principio simple que permitiu explicar o cosmos: A gravidade*
- *Kant quere atopar un principio simple que permita explicar a orde moral: O imperativo categórico.*

# A RAZÓN PURA

- "Lei que ninguén poderá negar"
- Kant cre que a razón é PURA
- Que é capaz de establecer principios válidos absolutos, sen excepcións
- A crise da razón implica unha nova razón IMPURA ou pensamento DÉBIL



# RAZÓN IMPURA

- *Está mediatizada por unha enorme cantidade de fenómenos humanos:*
- *Toda a vida emocional, irracional, inconsciente*
  - Emocións
  - Sentimentos
  - Paixóns
  - Esperanzas
  - Desexos
- *Tradicións, contorna histórica e ambiental*
- *Marañón: "O Greco e Toledo" e Teresa de Jesús*



# OUTRO CONCEPTO DE RAZÓN

- *O concepto de razón non é de Kant/Hegel*
- *Intelixencia razón emocional (Goleman)*
- *A razón vital (Ortega)*
- *A razón histórica (Dilthey)*
- *Intelixencia sentiente (Zubiri)*
- *Concepto da razón moito máis humilde*
- *Este concepto de razón inflúe na ética*



# A RAZÓN NA ÉTICA HETERÓNOMA

- *A determinación dos nosos deberes morais pódese entender de varios xeitos:*
- *Considerar que hai principios absolutos e que o deber do suxeito é aplicalos e actuar conforme a eles*

# A RAZÓN NA ÉTICA AUTÓNOMA

- *Cada un ten que determinar os seus deberes, tomar as súas decisións de comportamento*
- *Tendo en conta* ***principios****, obviamente*
- *Pero non so tendo en conta principios, senón tamén o* ***contexto****:*
  - Crenzas
  - Valores
  - Tradicións
  - Emocións
- *O que teremos que facer con todo isto é* ***TOMAR UNHA DECISIÓN RESPONSABLE***



# KANT: QUÉ É A ILUSTRACIÓN?

- *"A ilustración é a saída do home da súa minoría de idade.*
- *O mesmo é culpable dela.*
- *A minoría de idade estriba na incapacidade de servirse do propio entendemento, sen a dirección doutro."*



# KANT: QUÉ É A ILUSTRACIÓN?

- *"Un mesmo é culpable desta minoría de idade cando a causa dela non xace nun defecto do entendemento, senón na falta de decisión e ánimo para servirse con independencia del, sen a condución doutro."*



# KANT: QUÉ É A ILUSTRACIÓN?

- *"¡Sapere aude! ¡Ten valor de servirte do teu propio entendemento! Velaquí a divisa da ilustración.*
- *A maioría dos homes, a pesar de que a natureza librounos desde tempo atrás de condución allea (naturaliter maiorennes), permanecen con gusto baixo ela ao longo da vida, debido á preguiza e a covardía."*



# KANT: QUÉ É A ILUSTRACIÓN?

- *"Por iso élles moi fácil aos outros erixirse en titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un pastor que substitúe a miña conciencia moral, un médico que xulga acerca da miña dieta, e así sucesivamente, non necesitarei do propio esforzo. Con só poder pagar, non teño necesidade de pensar: outro tomará o meu posto en tan fastidiosa tarefa."*



# KANT: A METAFÍSICA DOS COSTUMES

- *A procura da paz é un principio imposto a todos como normativo*
- *Kant nunha formulación do imperativo categórico fala do "Reino dos Fins"*
- *Para ordenar os nosos actos, distinguir o correcto do incorrecto, unha das formas é dilucidar se o móbil da nosa vontade sería Lei no Reino dos Fins*

# KANT: A PAZ PERPETUA

- *Se os fins en si mesmos son os seres humanos, sería un mundo no que todas as persoas poderían vivir con dignidade. E pregúntase:*
- *Nese reino dos fins podería converterse en Lei a guerra? Non, sería lei a paz*
- *Así mentira/verdade; inxustiza/xustiza*
- *O reino dos fins non existe, é ideal, pero*
- *Todos estamos obrigados a facelo real*
- *Esíxenos o máximo cumprimento: ética*



# KANT: A PAZ PERPETUA

- *O principio da Xustiza é absoluto para todos*
- *Entón haberá que facer a Xustiza a calquera prezo: "Fiat iustitia, pereat mundus": "fágase a xustiza aínda que pereza o mundo"*
- *O mundo actual é imperfecto e para conseguir o mundo ideal debemos facer actual a Xustiza*
- *Unha cousa é o que deberiamos facer nese mundo ideal e outra o que debemos facer neste mundo real, onde as circunstancias son moi distintas das que quixésemos*



# CRÍTICA Á RAZÓN PURA

- *É xusto que provoquemos unha guerra alegando que é un mal menor para realizar a Xustiza contra inimigos?*
- *Pódese manexar a idea de Xustiza como un teorema, con "pura" razón?*
- *Haberá que realizar a Xustiza tendo en conta outros factores, responsablemente*



# ÉTICAS DA RESPONSABILIDADE

- *"Fiat iustitia pereat mundus" é o que diría unha ÉTICA ELABORADA DESDE RAZÓN PURA*
- *As ÉTICAS DA RESPONSABILIDADE n son ÉTICAS DA RAZÓN PURA*
- *Son éticas da RAZÓN IMPURA:*
  - Situada
  - Histórica
  - Contextual
  - Da situación



# RESPONSABILIDADE NA DECISIÓN

- ***Son responsable*** *da* ***decisión tomada***
- *Para iso* ***debo ter en conta***
  - Ese **reino dos fins e as súas normas puras**
- ***pero tamén***
  - **a análise da situación** en que me atopo
- *E ao facelo* ***debo incluír no xuízo eses factores que non son puramente racionais***



# CONSECUENCIAS

- *A decisión xa non é "pura"; é "impura".*
- *Pode ser errónea: pódome equivocar*
- *Criterios: Prudencia e Responsabilidade*
- *Tema constante: A "mala conciencia"*
- *É moi difícil ser responsable e non ter mala conciencia*
- *Mala conciencia ≠ Culpa*



# A MALA CONCIENCIA

- ***Culpa:***
- *É culpable cando non fai o que debe*
- ***Mala conciencia:***
- *Cre que o que debe facer non é o que debería facer*
- *Está tomando decisións que debe tomar neste mundo real pero que non debería tomar no mundo ideal do Reino dos Fins.*



# O “DEBE” E O “DEBERÍA”

- *Lexítima defensa ou estado de necesidade*
- *Todo o que quere ser responsable sabe que ás veces **debe** facer cousas que, se puidese non **debería** facer defensa*
- *O “debería” e o “debe” non **coinciden***
- *Nota típica das éticas de Século XX*



# ÉTICAS AUTÓNOMAS E HETERÓNOMAS



# BRADLEY E LEVY-BRUHL

- *"Estudos éticos": unidade da idea vs diseminación de sentidos: idealismo, toma de decisión non universal concreto, o universal concrétase en cada caso*
- *"A alma primitiva": Positivización da moral ao modo da ciencia natural ou o dereito positivo*



# NIETZSCHE

- *"Crepúsculo dos ídolos": verdade dos filosofos é razón pura inhumana. Todos somos culpables con esa razón oposta á realidade e á vida.*
- *"Xenealoxía da moral": impura, que conte coa realidade, coa natureza humana, coa vida, rexida polos instintos da vida xestionados polo individuo autónomo e responsable.*



# NIETZSCHE

- *Responsabilidade das súas decisións que non se identifica con culpa polo feito contra deber:*
- *"Ao home élle licito facer promesas e dispor anticipadamente do seu futur*



# MAX WEBER

- ***Responsabilidade*** *individual (acción humana sentido subxectivo)*
- *e social (acción social sentido referido á conduta doutros)*
- ***Responsabilidade*** *por acción e*
- *Por omisión*



# RESPONSABILIDADE NA "POLÍTICA COMO VOCACIÓN"

- *4* ***tipos ideais*** *-non reais- "puros" á marxe de circunstancias*
- *Ética do* ***poder*** *(acción racional con arranxo a fins, racionalidade estratéxica por consecuencias, por fins, teleolóxica, por interese propio, subxectivos, viven da política),*



# RESPONSABILIDADE NA “POLÍTICA COMO VOCACIÓN”

- *Ética da* ***convicción*** *(acción racional con arranxo a valores, dogmática, dos valores absolutos, deontolóxica, obxectivos, viven para a política),*
- *Ética da* ***emoción*** *(afectiva, sentimentos) e*
- *Ética da* ***tradición*** *(conservadora segundo os mores maiorum)*



# RESPONSABILIDADE NA "POLÍTICA COMO VOCACIÓN"

- *Equilibrio entre as catro éticas:*
- *Actúa con arranxo a **principios**: "Non todo é negociable", pero non só segundo principios senón **ponderando***
  - **principios,**
  - **circunstancias e**
  - **fins**



# RESPONSABILIDADE NA “POLÍTICA COMO VOCACIÓN”

- *“É moi conmovedora a actitude de calquera home maduro, de non importa cantos anos, que sente con toda a súa alma a responsabilidade polas consecuencias e actúa conforme á ética correspondente e que, chegado o caso, é capaz de dicir: non podo facer nada máis, aquí detéñome.*



# RESPONSABILIDADE NA “POLÍTICA COMO VOCACIÓN”

- *Sinto que isto é algo realmente humano e caía ata o máis profundo.*
- *Esta situación pode, en efecto, desafiar calquera de nós, a condición de que non esteamos mortos.”*
- *Max Weber: “A política como vocación”*



# ÉTICA DA RESPONSABILIDADE

- *Felipe González: "Ao gobernar aprendín a pasar da ética dos principios á ética das responsabilidades."*
- *Lutero 1521 Dieta de Worms: "Hier stehe ich, ich kann nicht anders. Gott helfe mir" ("Aquí plántome, non podo facer outra cousa, que Deus me axude").*



# CONSECUENTES E ANTECEDENTES

- *Ética* ***heterónoma consecuente*** *(responsabilidade polas consecuencias da acción correcta segundo norma imposta desde fóra)*
- *Ética* ***autónoma antecedente*** *(responsabilidade pola súa norma, pola decisión, axeitada ou non)*



# RESPONSABILIDADE E GLOBALIZACIÓN



# MAX WEBER: “A CIENCIA COMO VOCACIÓN”

- *Neutralidade da ciencia*
- *Husserl: neutralidade da filosofía como ciencia*
- *Responsabilidade como asesor do polític*
- *Responsabilidade ante a opinión pública*
- *Responsabilidade ante a humanidade*



# POTENCIALIDADE DESTRUCTIVA

- *Potencialidade destructiva da ciencia*
- *Armas nucleares de destrucción mas*
- *Biotecnoloxía e xenética*
- *Manifesto de Gottinga 1957*
- *"Estou morto eu, destrutor de mundo (Oppenheimer, Bhagavad-Guita)*

# JONAS

- *Discípulo de Heidegger*
- *Antipositivista*
- *Natureza non é obxecto a utilizar polo home*
- *Respeto aos valores da natureza*
- *A vida debe realizarse*
- *Principio o imperativo global de responsabilidade:*
- ***Todos** somos **responsables** de que **todos** usen **responsable** e **sostiblemente** a **natureza***

# RESUMO

- *RESPONSABILIDADE: termo moderno*
- *Etimoloxía: spondeo compromiso, respondeo cumprir o compromiso*
- *Ética docens e ética utens*
- *Ética, deber ser; ontoloxía, ser*

# RESUMO

- *Newton en física (principio que explica cosmos: gravidade) e*
- *Kant en ética (principio que explica moral: imperativo categórico)*
- *razón pura (principios absolutos e sen excepcións)*
- *no reino dos fins, a lei é a paz perpetua, obriga moral de facela real na sociedade a calquera prezo: fiat iustitia et pereat mundus*



# RESUMO

- *crise da razón (non principios absolutos, xustiza actuable responsablemente, non a calquera prezo)*
- *razón é impura (pensamento débil)*
- *contextualizada e mediatizada por fenómenos humanos: emocións, tradicións, entorno, circunstancias, etc.*



# RESUMO

- *Autodeterminación de deberes considerando principios e contextos (crenzas e valores)*
- *tomar decisión responsable*
- *Mala conciencia (o que debe facer non é o que cre que debería facer) non é culpabilidade (non fai o que debe)*
- *Éticas **heterónomas consecuentes** vs Éticas **autónomas antecedentes***

